

SERVIZO LUDOTECA

Estimadas familias,

Igual que o curso pasado, poñemos en marcha un servizo de LUDOTECA que ten como obxectivo fundamental facilitar a conciliación familiar e que estará en funcionamento de luns a venres de 15:45 a 16:45 h e que se organiza en colaboración coa Federación de Anpas Compostela e que será xestionada pola empresa AVANZA SERVICIOS ESCOLARES SL (este horario pode ser ampliable ata as 17:45 horas sempre e cando exista demanda suficiente).

Para participar neste servizo debes formalizar a inscrición a través do seguinte enlace https://avanzaserviciosescolares.easymanager.app/gl/XyS28c/course_reservations/new e enviar por correo (a santiago@avanzaserviciosescolares.es) a ficha que adxuntamos. Podedes escoller o número de horas semanais que desexades inscribir ao voso/as fillo/as pero é **moi importante que indiquedes que días ides a utilizar o servizo** (exemplo: luns). No caso daqueles que teñades pensado utilizalo na modalidade de **DIAS SOLTOS**, debes darvos de alta igualmente no programa e enviar a ficha de matrícula e o día que o precisades utilizar tedes que **avisar antes das 19:00 horas do día anterior** (ademáis debes avisar tamén ao centro no caso de ser usuario de comedor para que teñan constancia de que o teñen que pasar para a ludoteca).

O servizo cobrarase na conta que facilitades entre os días 1 e 10 de cada mes (mes adiantado) excepto na modalidade de días soltos que se cobrará a mes vencido.

No caso de que ao longo do curso se desexe facer alguna modificación na matrícula ou solicitar a baixa do servizo debes comunicalo antes do día 20 do mes anterior no correo santiago@avanzaserviciosescolares.es co fin de poder pasar os recibos correctamente.

A ludoteca comezará a funcionar o día 11 de setembro. Para comezar a usar o servizo no mes de setembro debes **formalizar a inscrición e enviar a ficha que axuntamos antes do 7 de setembro.**

Para mais información ou consultas podedes contactar coa empresa no teléfono 691475060 ou no mail santiago@avanzaserviciosescolares.es

**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO SERVIZO DE LUDOTECA CURSO 2024-2025.
CEIP SIGÜEIRO**

SELECCIONAR MODALIDADE NA QUE SE DESEXA INSCRIBIR Á NENA-NENO

ENVIAR A santiago@avanzaserviciosescolares.es. Teléfono de Contacto: 691475060

Nº Horas semanais	Prezo mensual	Nº Horas semanais	Prezo mensual
5 horas	30,00 €	2 horas	17,00 €
4 horas	28,00 €	1 horas	12,00 €
3 horas	24,00 €	Día solto – 1 hora	3,00 €/día

A ludoteca funcionará en horario de **15:45 a 16:45** de luns a venres. Debedes indicar os **DÍAS DE UTILIZACIÓN DO SERVIZO**, se non escolle a modalidade de semana completa (5 horas) e se eses días van ser fixos (Exemplo todos os xoves) (tamén podedes indicar si teriades necesidade de ampliar o horario ata as 17:45)

A **opción de días soltos** estará dispoñible se quedan prazas dispoñibles avisando antes das **19:00 horas do día anterior**

PROGRAMACION LUDOTECA (esta programación pode sufrir cambios atendendo aos espazos dispoñibles e as condicións meteorolóxicas)				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ANIMACIÓN Á LECTURA/CINE	ARTES PLÁSTICAS, MANUALIDADES	ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS E CIENCIA DIVERTIDA	XOGOS GRUPAIS E XOGOS DE MESA	COCIÑA

DATOS PERSOAIS DA ALUMNA – O			
NOME E APELIDOS			
CURSO		DATA NACEMENTO	
TELÉFONOS			
E-MAIL			
PERSOAS AUTORIZADAS PARA RECOLLELA-O (deben traer o DNI)			

OBSERVACIÓNS DE ESPECIAL INTERESE: alerxias, diversidade funcional, adaptacións necesarias, o que penses que pode ser necesario para facilitar a estadia da crianza

OBSERVACIÓNS doutro tipo, incluíndo outras necesidades horarias

DATOS BANCARIOS	
TITULAR	
Nº CONTA BANCARIA	ES ___ / ___ / ___ / ___ / ___ / ___

O pagamento destes servizos realizarase por adiantado, no número de conta indicado na inscrición online cumprimentada, do 1 ao 5 de cada mes, no caso dos inscritos fixos. **No caso do uso ocasional dos servizos, facturarase a mes vencido o total dos días utilizados.**

Coa sinatura deste documento, aceptas doar á FEDERACION GALEGA DE ANPAS "COMPOSTELA", calquera cantidade que che puidese corresponder como consecuencia do reparto da subvención solicitada por esta entidade para o desenvolvemento do servizo de ludoteca, a FANPA COMPOSTELA comprométese a xestionar esta doazón no financiamento doutras actividades dirixidas á comunidade educativa.

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, solicitámoslle os seus datos de carácter persoal, que serán tratados coa **finalidade de xestionar os datos identificativos dos participantes nas actividades organizadas pola Federación así como levar a cabo a xestión fiscal, contable e administrativa.** Os datos poderán ser cedidos ás empresas coas que a federación contrate a xestión das actividades e servizos, administración tributaria, a bancos e entidades financeiras para a domiciliación de pagos e á xestoría para cumprir coas obrigas fiscais. Os datos proporcionados conservaranse mentres participe nas actividades organizadas ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais, polo tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa limitación, portabilidade ou supresión cando os datos xa non sexan necesarios.

Autorizo o envío por E-Mail de comunicacións informativas

Autorizo a publicación de imaxes en redes sociais e paxina web da FEDERACIÓN e das empresas coas que contrate as actividades ou servizos.

Poderá exercer os dereitos de OPOSICIÓN, ACCESO, RECTIFICACIÓN, LIMITACION, SUPRESION E PORTABILIDADE mediante escrito dirixido a FEDERACION DE ANPA COMPOSTELA, Rúa Estocolmo, 8 de Santiago de Compostela acompañando fotocopia de DNI ou no seu defecto documento que acredite a súa debida identidade.

Compostela ___ de ___ de _____

Asdo.: _____